

# O Misántropo

## Reseso

---



E difícil dabondo comezar unha narración nas circunstancias que me rodean, pero o deber dun verdadeiro profesional da combinación de sílabas é intentá-lo e para iso, non vou prestar atención ás carreiras maratonianas e de apéndices de tonelada con que me agasallan os diminutos da casa pondo a proba a miña paciencia e a das alfombras que, cansas dun martirio totalmente imerecido, protestan ao seu xeito e nun incomprensíbel idioma persa penosamente articulado. Eu non me aventuro na procura dun dicionário persa, entre outras cousas porque non o teño (moi ben encadernado) e porque non preciso del para saber que a suba de ton obedece á mención dalgun artículo da “Carta de Dereitos Alfombrados”, algun que rezará sobre que ninguén ten dereito a pisar, discriminar e asoballar aos de abaixo por razón de credo, raza persa e calquer outra condición á altura do betun.

Poño un pouco de música clásica na miña gramola, porque aínda que teño centos de aparellos de alta fidelidade, considero que a música dos séculos anteriores debe reproducir-se cos aparatos da época (na medida do posíbel, claro está. Cando poño música barroca substituo a falta de aparato cunha perruca, toneladas de rapé e alugo un traxe de época para, ao escribir a máquina, sentir-me perto dos organistas e aproximar-me aos

nenos prodíxio con gugustatá entre párrafo e párrafo). Agora está a soar unha ópera, pero creo que vou cambiar a música porque non gosto de escribir estando rodeado de xentes con binoculares e, ademais, porque me apetece fumar e teño medo de queimar-lle o magnífico vestido a esta señora que non para de fregar perna sua con perna miña. Acendo un pito e abandono o teatro ante as protestas mudas da parte feminina do palco e os aplausos, tamén mudos, do centenar de maridos dormidos cun ollo aberto e con ganas de ver como un negro xigantesco afoga a súa muller porque está no guión e porque ten moitas ganas de entrar na “Asociación de Homes Viúvos” (Sección Tristán e Isolda Queda Fonseca).

Silencio a gramola para centrar-me no que quero escribir. Eu son moi respeitoso coa música dos demais e non quero incordiar as fusas, semifusas e redondelas coas miñas musas, semimusas e brincadelas maiúsculas. Vou separar as dúas artes e dar-lle ao pentagrama as cinco liñas a que ten dereito e ao fólío branco algúns sinónimos que levar-se á boca (apéndice bucal, cavidade da palabra, caverna inicial da nutrición, armário da lingua, aparato socio-económico do beixo...). Parece-me oportuno deixar ben claro, porque procede e precede ao que logo virá, que na música sobran as palabras e nas palabras sobra a música, o cal non quer dicir que non haxa palabras melódicas e musicais (caso de, sen ir máis lonxe e sen pensar moito, trinitotolueno, circunlóquio, tripanosoma gambiensis –a quen o apelido fornece dunha melomania marisqueira ben patente–, cenáculo e tantas outras que, con só pronunciá-las, conseguen que un mova todos os pés de que dispón cun swing aloucado e incontroladamente afro-dionisíaco). O mesmo acontece con algunhas músicas que están na aurícula de todos: non é inusual que ao escoitar un determinado toque de corneta ao entrar na casa, nos demos conta de que a nosa muller está vestida cunha

indumentaria do Sétimo de Cabalaria e que está disposta para a guerra e para soterrar a nosa alma “jerónima” nunha reserva que ameaza xélida, distante e con música dodecafónica. Cadaquén se apañará como poida, tendo en conta que os que non fuman mal poderán acender a cachimba da paz e terán que argallar algun “Tratado Internacional Para Demostrar a Inocencia do Esposo” con centos de concesións, música de película, algúns anónimos amorosos con faltas de ortografía para entrar en conversa e dar un pedazo de peniña e poder lograr a rehabilitación nun destino comun no matrimonial. Quen non recorda a melodía que todos asubiamos cando queremos cruzar unha ponte? Ou o inócuo e mudo asubio que non ousamos dirixir a algunha rapaza chamativa para que se enteiore, por se non o sabía, de que a chamaríamos cousas moi lindas e ferroviarias se non fose acompañada por un noivo de sete pés de alto e tres de ancho, que non gosta da música asubiada e que, cun egoísmo que clama ao ceo, leva a voz cantante sen a máis mínima intención de compartila. Como podedes ver, hai músicas que ocupan o lugar de centos de palabras, un “re” ben dado e agudo pode quebrar o corazón de cristal da nosa princesa de turno moito mellor que unha conversa sobre o tempo; primeiro porque os nosos coñecimentos en meteoroloxía non son moi orixinais e, ademais, porque é o que recomentan as comédias musicais americanas fredastéridas e a el danlle moi bon resultado coa súa namorada “gingerogérida”. Asunto máis delicado é o do baile, non recomendo a ninguén que se poña a zapatear polas paredes porque causa unha nefanda impresión na namorada que acaba de pintá-las.

Agora tiña a intención de dicir que hai palabras que ocupan o lugar de centos de músicas, pero creo que xa vai ben de disertacións en clave de sol porque está chovendo a mares no pátio particular da miña casa e chove sobre mollado. Parecerá

unha parvada, pero que chova ou vaia sol influe dunha maneira condicionante na prosa dun escritor. Se vai sol, todas as tuas neuronas dirixen-se cara narracións de praia, de verán, con mulleres morenas e gafas de sol. As tuas personaxes non pararán de lamber xelados e de mercar traxes de baño en grandes armacéns dentro dun fio argumental de sede no deserto. A cousa varia se a choiva fai acto de presenza mollando os fólíos dobremente. A tristura ocupa un lugar predominante no océano dunha narración poboadade desgracias persoais, catástrofes sen propina, bágoas de gramos pola perda dun ser querido, dun ente amado na trama folletinesca do hospício diquensiano. O caos aparece cando chove e fai sol. Os escritores vemo-nos imersos nunha ambígua influéncia. É corrente nestes días creativos misturar nun mesmo argumento unha personaxe doente de bócio vivendo un romance apaixonado cunha enfermeira de oitenta anos, en bañador e coa totalidade do cadro de persoal do hospital seguindo a cena por televisión en circuíto cerrado.

Abonda xa de prolegómenos, vou deixar as alfombras persas berrar o que quixeren, a música dentro da gramola e o tempo como telón de fondo e vou comezar a narrar a historia que tiña pensado desde un principio pero que, porque un é un despistado e nunca se acorda de apuntar na axenda de propaganda que lle regalaron, fun retrasando.

No cuarto en que me encontro escoita-se o zumbido dos homes-mosca procurando unha saída, o ruído cesa xusto cando chocan co cristal. Un non tivo tanta sorte e caíu nas redes dun home-arácido, pacientemente espera que se debata en movi-

mentos inúteis, logo –canso– será unha vítima propicia e poderá zugar-lle os angumiños.

Unha manada de ovellas paze despreocupada na xigantesca alfombra verde, mentres uns maniquis, subidos en velocípedos, chegan á primeira etapa alpina de primeira categoría.

Como podedes imaxinar, estou nunha habitación de grandes dimensións, é o salón.

Bato nas teclas da máquina uns dedos brancos e con algo de esqueléticos, prendo un pito fregando uns paus secos que teño para tal fin, pois gosto da vida primitiva, xantar carne crua, beber grolos de auga sen depurar e pintar rupestridades nas paredes de toda a casa. Só desentoa nesta vida sen comodidades a máquina de escribir, mais non é eléctrica senón de corda e con letras godas (\*).

Eu mesmo fago os meus traxes, chaqueta araucana e pantalóns bombachos nos que debuxo unhas novecentas noventa e nove raias oblícuas, camisas de papel cebola que me entristecen a face e gozo da liberación de non levar gravata. Descoñezo o que é un relóxio suízo, guio-me polo sol e, cando non hai, polas marés dos meus cadros con paisaxes marítimas.

Ainda non vos dixen como me chamo, o meu nome é Reseso Arévaco, e o meu alcume “Numáncio”. Non sei de certo de onde vén, pero seguramente sexa polas murallas con cristais e cravos que rodean a miña casa e que rodearon, no seu tempo, as fortalezas dos meus avós e os conventos das miñas freiras familiares.

---

(\*) Non godas!... Quixen dicir góticas.

Non podo sair da casa e, nestes días de verán, teño que contentar-me con ver como se diverten os demais.

Estamos nun día calquer da estación das praias, dos incéndios forestais, das vacacións mensuais dos homes programados para traballar once meses. O sol queima os terrazos desde as primeiras horas, frite algúns paxaros desplumados e persegue, entre as pólas, os insectos que non gustan do bronceador. As amas de casa das mansións viciñas fan o xantar moi cedo para poder quedar exentas do traballo, así irán torrar-se á praia, untarán-se con algas combatendo a celulite e contemplarán, extasiadas, as paradas nupciais dos lorchos que nunca imaxinaron desde as súas terras de secano.

O sol é o amo e señor dos días de verán, todo xira arredor da súa situación. Algúns meticulosos bañistas van provistos de compás, tiraliñas e teodolito para colocar-se xusto no lugar onde aproveitar ao máximo os raios solares.


Co anteollo astronómico (\*\*\*) vexo peles de todas as cores, desde a vermella camarón até a branca de neve nórdica, pasando por diversos cromáticos de verde e amarela. Polo ceu pasan, dunha maneira contínua, avionetas con anuncios publicitarios pouco oportunos, con rótulos de estufas eléctricas, bufandas e abrigo de pel. Pero anunciar é o de menos, o importante é facer sombra repetidas veces e alterar o máis posíbel a paz vacacional.

---

(\*\*\*) O anteollo astronómico sobre montura ecuatorial recibín-no por correo da casa parisiense E. Ducretet & L. Lejeune que, dito sexa de paso, posúe a patente do anteollo de Galileo. Monteín-no co clarificador prospecto de instrucións: C', c, s, S, Ob, A, I... sen figura acompañando ás letras aínda que, iso si, ía provisto da innovación do Buscador Ch.

Recibín algúns días despois, por correo urxente, a figura que complementaba a montaxe, por incríbel casualidade (ou porque un é un miliañas omnisciente) coincidían as letras e as pezas no lugar que lles atribuíra a figura.





De ver tanta xente entrou-me calor e sede; subo ao cocoteiro que está a carón da chaminé, apaño un par de cocos e, a golpes de karate, consigo o zume; ve-se algo suxo, pero esa é a grÁCía primitiva da economía autárquica e autosuficiente.

Son moi poucos os intrépidos que conseguen mollar o pé esquerdo, o mar está moi xoguetón e foxe do contacto humano recuando en ondas que veñen mais nunca van. Os barcos de pesca deitan-se na beira, na beira, na beira do mar, cansos de tanto nadar ao batráquiu acuático, estenden as súas redes deixando fuxir os peixes até as portas dos restaurantes viciños onde van procurar traballo.

Un espabilado vendedor de xelados canta a súa mercancia con voz de tenorino e un enxame de nenos de diferentes tamaños, aínda que con idéntico traxe de baño, pede xelados de morango, de chocolate, de mexillón, de macarrón... O home de branco non dá abasto, mete a man nun compartimento do seu carriño, colle unha pistola e mata uns cantos revoltosos. Axiña son pisados por novos individuos diminutos que peden sen acougo; a calma consegue-se logo dun par de chaves de loita nipona non moi ortodoxas, e logo de escoitar os “cracs” das fracturas de esternón dos nenos menos fortes.

Os poucos nenos que sobreviven e que acadaron o seu obxectivo, dan as lambidas ao xelado observando as medallas que, o grémio de pais de fillos amantes do frío no bandullo, colocou nos seus bañadores. Alguns infantes contemplan desafiantes as peticións dos cadavres que, co índice, sinalan o produto enviando olladas inzadas de envexa.

O sol avisa-me de que vai sendo hora de dar o xantar á mesnada de ovellas. Collo a harmónica e toco a súa melodía preferida: “La cumparsita”, seguen-me como borregos até o

cuarto dos libros que nunca abro, dou-lles unhas cantas fotocópias das Vidas para le-las de Plutarco, pois teñen un paladar moi clásico e, antes de volver ao anteollo para disfrutar do meu veraneo, achego-me aos aposentos da miña vaca amarela para ver se dixeriu sen problemas as fotocópias do “Anan-ga-Ranga” que lle servin o día do seu santo.

Un rapaz cun aquel de intelectual está a facer un castelo fiel reprodución dun do século XIII, non pode faltar o adulto gracioso que co seu pé de cuarenta centímetros esmaga a obra, soterrando á princesa que choraba bágoas na area desde a súa cela da torre. O intelectual en miniatura non se imuta, achega-se onde ten a roupa e colle o rifle submarino do pai, dispara-o sen mediar palabra. O gracioso revolve-se atravesado polo arpón e cai panza arriba no lombo dunha muller que, sen a parte de arriba, toma o sol. Vira-se e dá-lle de labazadas ao moribundo até que dobra os xeonllos ao tempo que berra cousas inintelixíbeis (para un home que está a tanta distáncia); dunha patada tumba-o definitivamente e dous homes uniformados e uniformes fan-lle confesar unha declaración de culpabilidade co seu correspondente timbre de cinco pesos. Levan-se á agresora e ao agredido e ao agresor e á agresora segundo se vexa.

Na parte dereita da praia diviso un destacamento militar facendo manobras entre as redes de arame. Algunhas granadas caen no meio dunha conversa entre matrimonios, o can dun deles colle unha das granadas na boca e vai camiño do destacamento; estoupa o artefacto e as vísceras do animal tapan un pedazo o sol. Logo do incidente seguen os disparos e detonacións dos morteiros. Un tanque extravía-se anfibiamente e percorre todo o longo e ancho da praia esmagando dormidos e torrados veraneantes.

Como todos os días que comezan por D, dun momento a outro a aviación fará acto de presenza e bombardeará con precisión o obxectivo. Un destes moitos rapaces que fan o que non deben, collerá unha bandeira branca que sinaliza o límite do espíño, levará-a consigo e estoupará polo ar; axiña outro collerá a bandeira e izará-a suplindo ao caído. As ráfegas irán dunha banda a outra amputando membros e cribando as toallas postas a secar. O recinto de area será un grandioso feixe de mortos morenos que eu me nego a ver.

Deixo por hoxe o anteollo, non comprendo como volven domingo tras domingo, cada vez me convenzo máis, para min non son as teimas da vida moderna. Vou coller os pinceis feitos con cabelos da miña graxa cabeza e vou rematar o bisonte deitado que xa comecei onte.